




IIIº XORNADAS ESCOLARES
DE FERROLTERRA POLA ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Tel. 678 466 120

www.fanpaferrolterra.com




IIIº PROGRAMA ESCOLAR
DE FERROLTERRA POLA ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Violeta
desing by Manoly



PORQUE A EDUCACIÓN É A VACINA
PARA ACABAR CO MALTRATO



III XORNADAS ESCOLARES
POLA ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



FINANCIAN:



Unión Europea



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

COLABORAN:



aferrol@accionfamiliar.org
981 358 023



alvixeferrol@gmail.com
633 840 016



educarenigualdad@fundacionmujeres.es
915 912 420



OBLATAS
DEL SANTÍSIMO REDENTOR
oblataferrol@gmail.com
981 353 889



AS VÍTIMAS INVISIBLES

A violencia de xénero non deixa xamais unha soa vítima.

Vivir nunha familia onde a nai padece unha agresión física ou verbal, ten graves consecuencias para os fillos e fillas, e ademáis pode alterar gravemente o seu desenvolvemento e axuste psicosocial.

Os nenos e nenas que viven cun pai maltratador son tamén vítimas desta lacra social, non soamente porque poden ser agredidos fisicamente se non porque tamén sofren en silencio, presenciando a violencia que reciben as súas nais.

Desafortunadamente, a meirande parte deles/as permanecen invisibles deixando aos nenos e nenas sen protección algunha.

Obxectivos estratéxicos.

- Promover a igualdade e a eliminación dos estereotipos de xénero.
- Promover unhas relacións respectuosas e en igualdade que preveñan a violencia de xénero.
- Axudar a detectar actos e actitudes que son propias da violencia de xénero.

UN FLASMOB PARA VISIBILIZAR AS VÍTIMAS INVISIBLES

Nesta edición, grabaremos un vídeo con música e unha coreografía para facer un gran FLASHMOB que simbolice a VISIBILIDADE DAS VÍTIMAS INVISIBLES DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Tanto a letra (será unha canción inédita) como o propio baile farán explícita referencia a esta temática/obxectivo.

O FLASHMOB será practicado e interpretado pol@s escolares (entre 6 e 16 anos) así como polos mestres/as do centro, de xeito conxunto ou dentro de cada aula burbulla.

Se a situación do Covid 19 faino posible, cada centro poderá realizalo no patio do colexio interpretado por todos e todas as escolares á vez. Unha gran actuación que será grabada.

No caso do que o Covid 19 non o permita, o Centro elexirá o FLASHMOB realizado por unha das aulas burbulla do Centro.

Con TODOS os FLASHMOB dos Centros participantes realizarase unha montaxe que será distribuída e compartida nas REDES SOCIAS, plataformas escolares, televisión locais, site do proxecto, webs dos Centros e colectivos participantes, etc.

Mais tamén invitarase a que o fagan na casa coa familia, amigos, etc. O que dará aínda maior proxección á iniciativa, xa que poderán subilo a súas propias Redes Sociais.